



DATOS IDENTIFICATIVOS

Práctica Mercantil

Materia	Práctica Mercantil			
Código	O03M110V11114			
Titulación	Máster Universitario en Avogacía e Procuradoría - Ourense			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	de los Ríos Sánchez, Juan Manuel			
Profesorado	Abundancia Domínguez, José Couto Calviño, Roberto de los Ríos Sánchez, Juan Manuel Rodríguez Calabria, María José Tobio Rivas, Ana María			
Correo-e	jmrios@uvigo.es			
Web	http://masteravogacia.webs.uvigo.es/			
Descrición xeral	Parte dedicada as cuestións prácticas principais do Dereito Mercantil dentro do módulo xeral de "Práctica Civil".			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
B1	CON-01 Recoñecer na elaboración de documentos procesuais, nos interrogatorios e nas probas periciais, as técnicas dirixidas á averiguación e o establecemento dos feitos nos diferentes tipos de procedemento.
B5	CON-05 Identificar as técnicas de resolución de conflitos mas pertinentes en cada situación e contexto.
B6	CON-06 Formular os requirimentos de prestación e organización determinantes para o asesoramento xurídico e representación procesual.
B7	CON-07 Determinar a instancia administrativa ou xurisdiccional e a acción ou actuación procedentes para a defensa dos dereitos dos clientes.
B8	CON-08 Recoñecer o instrumento xurídico procedente para representar aos interesados ante terceiros, ante as administracións públicas e ante os órganos xurisdiccionais.
B9	CON-09 Identificar os actos *jurí*dicos que requiran, para a súa eficacia, da intervención notarial e os que necesitan inscrición rexistral.
C1	HAB-01 Aplicar correcta e adecuadamente os coñecementos especializados adquiridos no grao no exercicio profesional ante tribunais ou autoridades públicas, así como nas funcións de asesoramento respectando os principios e valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.
C3	HAB-03 Realizar eficaz e correctamente os actos de comunicación das partes no proceso.
C4	HAB-04 Diferenciar, de forma clara e precisa, os intereses privados que representan aos/as profesionais do Dereito dos de carácter público, cuxa execución a lei e os tribunais encoméndanlle, para unha colaboración eficaz cos tribunais na execución das resolucións xudiciais.
C9	HAB-09 Desenvolver traballos profesionais en equipos especializados e interdisciplinares.
D1	COMP-01 Coñecer e utilizar de forma axustada o dereito á defensa e a postulación procesual dos clientes no marco dos sistemas de tutela xurisdiccionais nacionais e internacionais.
D2	COMP-02 Coñecer e utilizar adecuadamente as técnicas procesuais na execución dos actos que teñen lugar nos distintos órdenes xurisdiccionais, con especial atención aos prazos, actas de comunicación, execución e vías de apremio.
D3	COMP-03 Incorporar os dereitos e deberes deontolóxicos da persoa que exerce a avogacía ou a procura nas relacións con clientes, outras partes, tribunais, autoridades e outros profesionais.
D4	COMP-04 Coñecer e aplicar as técnicas mais pertinentes en cada caso dirixidas á identificación e liquidación de dereitos arancelarios, obrigacións tributarias, de constitución de depósitos xudiciais e de atención de cantos gastos e costas sexan necesarios para garantir a tutela xudicial efectiva dos dereitos das súas persoas representadas.

D6	COMP-06 Expresarse oralmente e por escrito, de forma adecuada ao contexto e ás necesidades ou características especiais de cada destinatario/a, e extraer das feitos consecuencias xurídicas de forma argumentada, en todos os ámbitos procedimentais.
D7	COMP-07 Interactuar de forma apropiada cos/as cidadáns, institucións e outras persoas profesionais.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
-CON-01 Recoñecer na elaboración de documentos procesuais, nos interrogatorios e nas probas periciais, as técnicas dirixidas á investigación e o establecemento dos feitos nos diferentes tipos de procedemento.	B1 B5
-CON-05 Identificar as técnicas de resolución de conflitos máis pertinentes en cada situación e contexto.	B6
-CON-06 Formular os requirimentos de prestación e organización determinantes para o asesoramento xurídico e representación procesual.	B7 B8
-CON-07 Determinar a instancia administrativa ou xurisdiccional e a acción ou actuación procedentes para a defensa dos dereitos dos clientes.	B9 C1
-CON-08 Recoñecer o instrumento xurídico procedente para representar aos interesados ante terceiros, ante as administracións públicas e ante os órganos xurisdiccionais.	C3 C4
-CON-09 Identificar os actos xurídicos que requiran, para a súa eficacia, da intervención notarial e os que necesitan inscrición rexistral.	C9 D1 D2
-HAB-01 Aplicar correcta e adecuadamente os coñecementos especializados adquiridos no grao no exercicio profesional ante tribunais ou autoridades públicas, así como nas funcións de asesoramento respectando os principios e valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	D3 D4 D6
-HAB-03 Realizar eficaz e correctamente os actos de comunicación das partes no proceso.	D7
-HAB-04 Diferenciar, de forma clara e precisa, os intereses privados que representan aos/as profesionais do Dereito dos de carácter público, cuxa execución a lei e os tribunais encoméndanlle, para unha colaboración eficaz cos tribunais na execución das resolucións xudiciais.	
-HAB-09 Desenvolver traballos profesionais en equipos especializados e interdisciplinares.	
-COMP-01 Coñecer e utilizar de forma axustada o dereito á defensa e a postulación procesual dos clientes no marco dos sistemas de tutela xurisdiccionais nacionais e internacionais.	
-COMP-02 Coñecer e utilizar adecuadamente as técnicas procesuais na execución dos actos que teñen lugar nas distintas ordes xurisdiccionais, con especial atención aos prazos, actas de comunicación, execución e vías de prema.	
-COMP-03 Incorporar os dereitos e deberes deontolóxicos da persoa que exerce a avogacía ou a procura nas relacións con clientes, outras partes, tribunais, autoridades e outros profesionais.	
-COMP-04 Coñecer e aplicar as técnicas máis pertinentes en cada caso dirixidas á identificación e liquidación de dereitos arancelarios, obrigacións tributarias, de constitución de depósitos xudiciais e de atención de cantos gastos e costas sexan necesarios para garantir a tutela xudicial efectiva dos dereitos das súas persoas representadas.	
-COMP-06 Expresarse oralmente e por escrito, de forma adecuada ao contexto e ás necesidades ou características especiais de cada destinatario/a, e extraer das feitos consecuencias xurídicas de forma argumentada, en todos os ámbitos procedimentais.	
-COMP-07 Interactuar de forma apropiada cos/as cidadáns/as, institucións e outras persoas profesionais.	

Contidos

Tema	
1. Estatuto do empresario.	1.- A protección dos elementos patrimoniais da empresa: trámites rexistrais e recursos. 2.- As accións en competencia desleal. 3.- O procedemento ante os órganos de defensa da competencia. 4.- Accións en materia de condicións xerais da contratación. 5.- Procedemento de reclamacións de consumo.
2. Dereito de sociedades.	1.- Cualificación rexistral: recursos. 2.- Problemática xurisprudencial da doutrina do levantamento do veo. 3.- Órganos sociais: convocatoria, constitución, actas. 4.- Impugnación de acordos sociais: procedemento. 5.- Responsabilidade dos administradores: procedemento.
3. Contratación mercantil e títulos- valores.	1.- Efectos mercantís: execución de títulos-valores. 2.- Elaboración de contratos mercantís: principais clausulados e problemática xurisprudencial relativas aos contratos atípicos. 3.- Operacións de comercio exterior: aspectos xurídicos. 4.- Protestas en materia de transporte: procedemento. 5.- Contratación con consumidores: medidas tuitivas e mecanismos de reclamación.

4. Dereito concursal.

- 1- Declaración do concurso: trámites e procedemento.
- 2.- A administración concursal: organización.
- 3.- A fase común: efectos. Informe concursal: impugnación.
- 4.- Solución do concurso: procedemento en caso de convenio e en caso de liquidación.
- 5.- Cualificación, conclusión e reapertura do concurso.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Seminario	22	51	73
Exame de preguntas obxectivas	1	0	1
Estudo de casos	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Seminario	Sesións mixtas con explicación teórica por parte do profesor, proposta e estudo de casos e participación activa dos estudantes.

Atención personalizada

Metodoloxías Descrición

Seminario	Ademais da posibilidade de interacción derivada da asistencia e participación nas sesións presenciais e o consecuente estudo e discusión dos materiais propostos, poderase atender individualmente ao alumnado en titorías persoais. Recoméndase -para todos os profesores, pero especialmente respecto dos externos á Facultade- a concertación previa de cita.
-----------	--

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Seminario	Asistencia e participación nas sesións presenciais.	25	B1 B5	C1 C4 C9	D3 D6 D7
Exame de preguntas obxectivas	Realización dunha proba de tipo test.	35	B8 B9	C4	D4
Estudo de casos	Realización dun exercicio práctico con un ou varios supostos.	40	B1 B5 B6 B7 B8 B9	C1 C3 C4	D1 D2 D3 D4 D6

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. Primeira edición das actas:

O estudante debe elixir entre un sistema de avaliación continua ou a realización dun exame final.

a) Avaliación continua:

Para poder optar polo sistema de avaliación continua, o estudante deberá asistir, polo menos, a un 80% das clases. O sistema de avaliación continua consistirá en:

- 1.- A asistencia e participación activa nas clases presenciais, que representa o 25% da cualificación final.
- 2.- A realización dunha proba final que constará de dúas partes:
 - 1) Un exame tipo test, que representa o 35% da cualificación final.
 - 2) Un caso práctico consistente no estudo dun(s) caso(s). Esta proba representará o 40% da cualificación final.

A data e a hora do exame da primeira oportunidade serán as previstas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Comisión Académica do Mestrado para o presente curso académico.

b) Exame final:

O estudante que non se someta ao sistema de avaliación continua ou que quede excluído do mesmo realizará un exame. Este exame representa o 100% da cualificación da materia.

O exame constará de tres partes:

- 1) Un exame tipo test, que representa o 35% da cualificación final.
- 2) Un caso práctico consistente no estudo dun(s) caso(s). Esta proba representará o 40% da cualificación final.
- 3) Exposición e defensa pública do caso práctico, a efectos de avaliar a adquisición das competencias da materia, nas mesmas condicións que o estudante que se acollíou ao sistema de avaliación continua. Esta proba representará o 25% da cualificación final.

A data e a hora do exame da primeira oportunidade serán as previstas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Comisión Académica do Mestrado para presente o curso académico.

2. Segunda edición das actas:

A. O estudante que se sometiou ao sistema de avaliación continua conservará a nota que obtivo no mesmo. Nestes casos, o exame constará de dúas partes:

- 1) Un exame tipo test, que representa o 35% da cualificación final.
- 2) Un caso práctico consistente no estudo dun(s) caso(s). Esta proba representará o 40% da cualificación final.

B. O estudante que non se sometiou ao sistema de avaliación continua ou que quedou excluído do mesmo realizará un exame. Este exame representa o 100% da cualificación da materia.

O exame constará de tres partes:

- 1) Un exame tipo test, que representa o 35% da cualificación final.
- 2) Un caso práctico consistente no estudo dun(s) caso(s). Esta proba representará o 40% da cualificación final.
- 3) Exposición e defensa pública do caso práctico, a efectos de avaliar a adquisición das competencias da materia, nas mesmas condicións que o estudante que se acollíou ao sistema de avaliación continua. Esta proba representará o 25% da cualificación final.

A data e a hora do exame da segunda oportunidade serán as previstas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Comisión Académica do Mestrado para presente curso académico.

En todos os casos, as probas realizadas permitirán avaliar os resultados de formación e aprendizaxe.

Respecto das tutorías, as do profesorado propio da universidade poden consultarse no seu correspondente perfil docente na UVigo (<http://masteravogacia.webs.uvigo.es/gl/docencia/profesorado/>). As do profesorado profesional atenderanse só previa concertación de cita, dado que no teñen titorías validadas polos departamentos.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

De la Cuesta Rute, José María, **Derecho Mercantil I y II**, Huygens, (Última edición)

Bibliografía Complementaria

Repertorio de jurisprudencia, Aranzadi-Thompson, (Última edición)

Código de Comercio y leyes complementarias,

Recomendacións

Outros comentarios

Aconséllase ter a disposición en todo momento os textos legais básicos tanto propios da materia como xerais de Dereito privado.